

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN E A FUNDACIÓN PROFESOR NOVOA SANTOS PARA A CONCESIÓN DUNHA AXUDA DESTINADA Á CONTRATACIÓN DUNHA INVESTIGADORA

Santiago de Compostela, 9 de setembro de 2019

REUNIDOS

Dona Patricia Argerey Vilar, Directora da AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN con C.I.F Q1500386F e domicilio na Rúa Airas Nunes, s/n – 15702 Santiago de Compostela. A Sra. Argerey Vilar actúa na súa condición de Directora da Axencia Galega de Innovación, no exercicio das competencias atribuídas pola Resolución do 6 de setembro de 2019 do Presidente da Axencia Galega de Innovación de delegación de sinatura na Directora da Axencia Galega de Innovación, para a sinatura do Convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e a Fundación Profesor Novoa Santos para a concesión dunha axuda destinada á contratación dunha investigadora.

Don Luis Verde Remeseiro, en calidade de presidente do Padroado da Fundación Profesor Novoa Santos, en virtude do seu cargo como titular da Xerencia de Xestión Integrada da Coruña, segundo se establece no artigo 16.2.a) dos seus estatutos, e en virtude da reunión na que tivo lugar a aceptación expresa da presidencia o día 3 de abril de 2017 do Padroado da Fundación Profesor Novoa Santos, fundación inscrita na folla número 3 do Rexistro de Fundacións de Interese Galego da Consellería de Sanidade, segundo publicación no Diario Oficial de Galicia de 11 de novembro de 1991.

Interveñen, en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas e,

PRIMEIRO

Que a Axencia Galega de Innovación (en adiante, Gain) é unha axencia pública autonómica encadrada nas entidades instrumentais do sector público autonómico reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico, tal e como se recolle no Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea

a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos (modificado polo Decreto 15/2014, de 6 de febreiro).

A Gain está adscrita á Consellería de Economía, Emprego e Industria e conta con personalidade xurídica propia diferenciada respecto da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, patrimonio e tesourería propios e autonomía de xestión nos termos que precisen as leis.

Que os estatutos da Gain atribúen á mesma, entre outras funcións: a ordenación, planificación, coordinación, execución e seguimento das competencias en materia de fomento da investigación que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia en virtude do establecido no artigo 27.19º do Estatuto de autonomía de Galicia.

SEGUNDO

Que a Fundación Profesor Novoa Santos (en adiante, FPNS) é unha fundación de interese galego en conformidade coa Lei 12/2006, do 1 de decembro, de fundacións de interese galego con personalidade xurídica propia e sen ánimo de lucro, modificada pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico; e réxese ademais polo Decreto 14/2009, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de fundacións de interese galego e polo Decreto 15/2009, de 21 de xaneiro polo que se aproba o regulamento do Rexistro de fundacións de interese galego; e que ten por obxecto impulsar a investigación, a docencia, a formación, o desenvolvemento científico-tecnolóxico e a innovación no ámbito sanitario e en Ciencias da Saúde, así como a realización de outras actividades que poidan contribuír á consecución do obxecto fundacional, caracterizado polo interese xeral galego. Con ese propósito, a Fundación serve de apoio, asesoramento e xestión aos profesionais e investigadores, nos centros do Sistema Público de Saúde de Galicia e do Instituto de Investigación Biomédica de A Coruña (INIBIC) e contribúe eficazmente á consecución dos obxectivos fundacionais, solicitando o apoio das entidades públicas e privadas para os seus fins, realizando labores de difusión e divulgación da actividade investigadora dos centros de investigación de Galicia, aumentando progresivamente de este modo a súa capacidade para competir e a calidade da súa produción científica.

TERCEIRO

Que a Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia, no seu artigo 1, formula como obxecto establecer o marco para o fomento da investigación e do desenvolvemento tecnolóxico, de transferencia e valorización de resultados e de innovación en Galicia en todas as súas vertentes, así como da súa xestión eficiente.

Que a Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2014-2020 (RIS3 Galicia), que foi aprobada polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 7 de novembro de 2013 establece a estratexia de innovación a seguir para acadar un crecemento intelixente, sostible e integrador concentrando dun xeito eficiente os recursos dispoñibles, e define o marco para as políticas de investigación e innovación de Galicia para o período 2014-2020.

Que a Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia 2014-2020 (RIS3 Galicia), dentro dos seus programas de actuación, recolle dentro do seu Programa Emprendemento Innovador un instrumento específico para a retención, incorporación e mobilidade do talento: dito instrumento concorda cos obxectivos do programa de axudas á etapa de formación posdoutoral.

CUARTO

Que a Orde do 18 de febreiro de 2016, conxunta da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e da Consellería de Economía, Emprego e Industria (DOG núm. 44 do 04.03.2016) estableceu as bases e procedeu á convocatoria das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego. Na súa modalidade A, prevía un contrato dun máximo de tres anos de duración distribuído do modo seguinte: dous anos para a realización de estadias de investigación no estranxeiro e un ano de retorno na Comunidade Autónoma de Galicia.

A resolución do 17 de xuño de 2016 adxudicou as axudas correspondentes á modalidade A da devandita convocatoria e estableceu a lista de espera para o SUG e para as outras entidades indicadas no artigo 2 da convocatoria. Unha das axudas da Gain foi concedida á Fundación Profesor Novoa Santos para a contratación da investigadora Beatriz Rocha Loureda, co NIF 47369170A. O contrato laboral asinado ao abeiro da devandita axuda tivo unha duración de 3 anos, con comezo o día 30.06.2016 e con finalización o día 29.06.2019.

Unha vez finalizado o contrato posdoutoral da modalidade A, e no caso de que obteña unha avaliación positiva no dito programa, a investigadora poderá optar a unha praza na modalidade B das axudas da Orde do 28 de maio de 2019, conxunta da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e da Consellería de Economía, Emprego e Industria (DOG núm. 111 do 13.06.2019) pola que se convocan as axudas de apoio á etapa posdoutoral para o ano 2019. No artigo 3 das bases da antedita convocatoria indícase que a resolución de adxudicación da súa modalidade B producirase a partir do día 15.11.2019

A finalidade deste convenio é financiar á Fundación Profesor Novoa Santos para contrate á dita investigadora ata que se resolva a convocatoria das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral, modalidade B, prevista na Orde do 28 de maio xa mencionada, evitando que se produza unha interrupción da súa actividade investigadora durante o citado período.

QUINTO

Por todo o anterior, a efectos do establecido nos artigos 19 e 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no artigo 40 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada Lei; e no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as partes acordan a subscrición deste convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto deste convenio é conceder unha axuda á Fundación Profesor Novoa Santos para que contrate á investigadora Beatriz Rocha Loureda dende o día 16.07.2019 ata que se dicte a resolución de concesión das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral, modalidade B, prevista na Orde do 28 de maio de 2019 (e como máximo ata o día 30.11.2019).

SEGUNDA.- CONDICIÓN ECONÓMICAS

1. A Gain financiará esta axuda cunha achega máxima de 13.500,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 09.A3.561A.480.0 para o exercicio 2019:

Aplicación orzamentaria	Entidade beneficiaria	Investigadora	2019
09.A3.561A.480.0	Fundación Profesor Novoa Santos	Rocha Loureda, Beatriz	13.500,00
Total			13.500,00

2. Dado que a Gain financia o 100% do contrato, esta axuda é incompatible con calquera outra para o mesmo fin.

3. Procederase á revogación da subvención, así como ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e á esixencia de xuros de mora nos casos e termos previstos entre os artigos 32 e 40 (capítulos I e II do Título II) da Lei 9/2007.

4. A estas axudas non lles resulta de aplicación o Marco comunitario sobre axudas estatais de investigación, desenvolvemento e innovación (2014/C 198/01) ao tratarse de axudas dirixidas á realización de actividades I+D+i de carácter non económico por parte de organismos de investigación sen ánimo de lucro, e darse difusión dos resultados da actividade do organismo de investigación subvencionado e á disposición de todos dunha maneira indiscriminada, de modo que non se produce avantaxe económica para a entidade subvencionada.

TERCEIRA.- COMPROMISOS, PUBLICIDADE Y AUTORIZACIÓNS.

1. A entidade beneficiaria comprométese a:

- a) Presentar previamente á sinatura deste convenio unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para a obtención de subvencións previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b) Desenvolver o obxecto deste convenio de colaboración.
- c) Proceder ao reintegro, total ou parcial, da subvención percibida no suposto do non cumprir as condicións establecidas para a súa concesión.
- d) A subministración de toda a información necesaria para que a Gain poida dar cumprimento aos deberes recollidos na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. No caso de que o beneficiario non atenda ao requirimento de información no prazo indicado, procederase consonte ao establecido no artigo 4.4 do citado texto legal.
- e) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas respectivas funcións de fiscalización e control do destino das axudas concedidas e posibilitar a inspección e control dos órganos da Axencia Galega de Innovación co motivo de supervisar o cumprimento das actividades derivadas deste convenio.
- f) No caso da cesión de datos, cumprir as esixencias da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptándose tanto as medidas de seguridade técnicas como organizativas.
- g) Cumprir o disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A entidade beneficiaria dará consentimento expreso á Axencia Galega de Innovación para:

- a) O tratamento necesario para os datos relevantes deste convenio e a súa publicación na páxina web da Axencia Galega de Innovación e no Diario Oficial de Galicia, coas excepcións previstas no artigo 15.2º d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b) Incluír e facer público, a través do Portal de Transparencia e Goberno aberto e nos rexistros regulados polo Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e sancións, os datos referidos ás axudas e subvencións recibidas ao abeiro deste convenio.
- c) O cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, polo que a información relativo a este convenio requirida no ordinal octavo do devandito artigo será comunicada á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

Os asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais contidos no convenio, xunto ao resto de especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto. A sinatura do convenio comportará la

autorización do órgano xestor para consultar las certificacións de deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Non obstante, a entidade beneficiaria poderá opoñerse á súa consulta polo órgano xestor, e nese caso deberá presentar as certificacións nos termos previstos regularmente.

CUARTA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, consideraranse subvencionables os gastos que respondan á natureza da actividade subvencionada tales como salarios e custos sociais, dende a data de contratación da investigadora ata a que se dite a resolución da modalidade B da convocatoria de axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral para o ano 2019 e como máximo ata o día 30.11.2019.

QUINTA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

1. Para ter dereito ao pagamento da axudas, a entidade beneficiaria deberá entregar a seguinte documentación nas datas que se establecen a continuación:

Período	Documentación	Plazo límite de presentación de la documentación
Dende o comezo do contrato ata que se dicte a resolución da modalidade B das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral para o ano 2019 e como máximo ata o día 30.11.2019	Copia compulsada do contrato de traballo (que deberá ser a tempo completo) No devandito contrato deberá facerse referencia expresa a: 1. A data de incorporación da investigadora contratada 2. A retribución bruta 3. Ao seu financiamento a través deste convenio Unha certificación expresa da realización do gasto e do pagamento durante o período da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control, da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida, de acordo co artigo 28.5 da Ley 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia	20.12.2019

Transcorridos os prazos indicados sen que a entidade beneficiaria presentase a documentación solicitada, requirirase para que a presente no prazo improrrogable de dez días. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará a perda do dereito á cobranza total

ou parcial da subvención, a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste parágrafo non eximirá o beneficiario das sancións que, conforme a lei, correspondan.

2. Carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados, así como os intereses derivados destes, conforme ao establecido no artigo 48.2. g) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

3. A entidade beneficiaria deberá presentar a documentación xustificativa por calquera das vías previstas no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

4. Se a entidade beneficiaria non xustifica o importe total das actuacións desenvoltas e/ou non consegue os obxectivos recollidos neste convenio, a Gain minorará a súa achega proporcionalmente, sempre e cando se cumprira o obxecto do mesmo.

SEXTA.- CONDICIONES DE PAGO

De acordo co establecido no artigo 63.1 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, realizarase un pagamento anticipado polo 80% do importe total da axuda concedida, previa petición motivada da entidade beneficiaria, a FPNS.

O pagamento final da subvención realizarase despois de que a entidade beneficiaria realice a xustificación correspondente coa documentación indicada na cláusula anterior, con data límite de envío o día 20.12.2019.

SÉTIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

1. Para o seguimento e coordinación das accións previstas neste convenio créase unha comisión de seguimento formada por dous representantes da Axencia Galega de Innovación e dous da FPNS.

2. Son funcións desta comisión de seguimento:

- Velar polo cumprimento das accións do programa de I+D+i.
- Propoñer as medidas necesarias para garantir o cumprimento do programa.
- Propoñer as solucións das posibles controversias que puideran xurdir en relación a este convenio.
- Avaliar o programa de I+D+i desenvolto pola entidade beneficiaria.

3. A comisión reunirase tantas veces o solicite algún dos membros.

OITAVA.- CONTROL

A Gain poderá realizar as actividades de inspección e control que considere oportunas para controlar o cumprimento deste convenio.

NOVENA.- ALTERACIÓN DAS ACTUACIÓNS

1. Toda alteración nas accións para realizar deberán ser obxecto de autorización pola Gain e formalizarase mediante a correspondente addenda a este convenio, consonte o artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. De acordo co establecido no artigo 31.4 da lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, este convenio poderá ser modificado coa finalidade de lograr os obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira da Comunidade Autónoma de Galicia. Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das actuacións para desenvolver pola FPNS ou a ampliación do prazo de execución.

DÉCIMA.- INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscripción deste convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actuacións obxecto deste convenio coa Gain, de modo que non se lle poderá esixir a esta Axencia responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiariamente, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

UNDÉCIMA.- INTERPRETACIÓN

1. Este convenio asínase ao amparo dos artigos 19.4 e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, rexéndose os seus efectos polo establecido nas súas cláusulas e polas previsións da Lei 9/2007 e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento do citado texto legal.

2. A Axencia Galega de Innovación ostentará as prerrogativas de interpretación, modificación, resolución e nulidade, propias dos negocios xurídicos administrativos, ademais das potestades específicas derivadas da relación xurídica subvencionadora. Os actos ditados no exercicio das devanditas potestades serán de coñecemento e competencia da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo.

3. Este convenio estará vixente dende o día da súa sinatura ata o día 31 de decembro de 2019.



DUODÉCIMA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Poderá dar lugar á resolución do convenio:

- a) O incumprimento total ou parcial de calquera das súas cláusulas.
- b) A suspensión do convenio por parte da Axencia Galega de Innovación por razóns de interese público.
- c) O acordo mutuo entre as partes.
- d) A denuncia por calquera das partes asinantes, sempre que o notifique á outra parte con dous meses de antelación á data de finalización da vixencia do convenio.

En proba de conformidade, os representantes de ambas partes asinan este documento por duplicado no lugar e data anteriormente sinalados.

Pola AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN

Pola FUNDACIÓN PROFESOR NOVOA SANTOS

Patricia Argerey Vilar

Luis Verde Remeseiro

